

## PLANTANDO CARA AO LUME, PROGRAMA DE INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA LOITAR CONTRA OS INCENDIOS

SANTIAGO PARADA, NOEMÍ; ABELLA, CARLOS; BADIA, CARMEN;  
BESTEIRO, ROBERTO; BLANCO, ROCÍO; BLANCO, PAULA;  
BUSTAMANTE, VICTORIA; CÁMARA, VIRGINIA; CASAS, ALICIA;  
CASAS, LUCÍA; COMUÑAS, JESÚS; CORES, ANA LIS;  
FAGINAS, LUCÍA; FUGATE, COLLEN; GONZÁLEZ, ANA;  
GONZÁLEZ, PATRICIA; IRUSTA, LEIRE; LAGUÍA, EDUARDO;  
LAREO, GLORIA; MOLANO, DIANA MANUELA; MUNILLA, LUCÍA;  
OMIL, BEATRIZ; OTERO, EUGENIO MANUEL; OTERO, VICENTE;  
REYES, OTILIA; RÍOS, PABLO; RODRÍGUEZ, MARTÍN;  
RUÍZ, ANA DARÍA; SÁNCHEZ, NAOMI; SOTELINO, ALEXANDRE;  
TÚÑEZ, MIGUEL JOSÉ; LORENZO, MARÍA DEL MAR; MERINO, AGUSTÍN  
*Universidade de Santiago de Compostela*

**RODRÍGUEZ, XOAN CARLOS**  
*IES LucusAugusti*

Os incendios forestais son un importante problema ambiental na Península Ibérica, onde Galicia é unha das rexións máis afectadas. As consecuencias posteriores aos incendios forestais son numerosas, incluíndo danos ao medio natural, perda de hábitats, degradación e erosión do solo e danos á poboación e á economía local. Malia a abundante documentación científica, hai poucos documentos educativos que traballan nesta materia. Hai falta de material educativo que aborde os efectos negativos dos incendios forestais sobre o medio e o desenvolvemento rural e o papel que a educación pode desempeñar na loita contra este problema ambiental.

*Plantando cara ao lume* é un programa de innovación educativa da modalidade de Servizo de Aprendizaxe da Universidade de Santiago de Compostela que xorde da necesidade de abordar o problema dos incendios forestais desde a perspectiva da educación e formación ambiental.

O proxecto está composto por estudantes universitarios e profesores, e entidades colaboradoras de diferentes ámbitos de coñecemento: xornalismo, bioloxía, educación e silvicultura. Este equipo interdisciplinar encárgase de desenvolver e difundir materiais informativos e prácticos, así como realizar excursións de carácter educativo.

Estes materiais póñense en práctica cos distintos centros de ensino secundario, que inclúen profesores en diferentes actividades que se realizan en áreas recentemente afectadas por incendios forestais. Conséguese, deste xeito, dar maior visibilidade a este problema ambiental, promover a conciencia ambiental e ofrecer recursos e ferramentas básicas para unha maior prevención e restauración.

*Plantando cara ao lume* é unha iniciativa que comezou en 2016 e experimentou un crecemento progresivo desde entón. Os centros educativos de ensino secundario poden solicitar a participación a través da páxina <https://www.facebook.com/plantandocaraolume/>

Exemplo: [https://www.youtube.com/watch?v=JJ\\_aNFrHgPM&t=17s](https://www.youtube.com/watch?v=JJ_aNFrHgPM&t=17s)

